QUINTANS BRUN, MANUEL (1 para 5)
Terceiro
Data de Sinatura: 19/11/2026
HASH: e9803b6c7940f4e9303dc4d718a6e08

MARÍA DEL CARMEN SANTIAGO HERMO (2 para 5)
Administrativa
Data de Sinatura: 19/11/2026
HASH: 52d85db6a8332603dd2acc73f07dbd4

Martín Blanco Buceta (3 para 5)
Administrativo
Data de Sinatura: 19/11/2026
HASH: d7a611bace87bb06fe2df08fc7dfcf9a

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDADE DE TRES PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A (FUNCIONARIO DE CARREIRA)

SESIÓN 6 - 13/11/2026

Asistentes tribunal de selección:

Presidenta: María Mariño Poza
Vogal 1: Dalmiro Núñez Méndez
Vogal 2: Mª Carmen Santiago Hermo
Vogal 3: Manuel Quintáns Brun
Secretario: Martín Blanco Buceta

No IES Espiñeira ás 09.15 horas do día 13 de novembro de 2026, reúnese o Tribunal de Selección nomeado por Resolución da Alcaldía de data 08 de outubro de 2026, encargado de realizar o proceso selectivo para a cobertura en propiedade de tres prazas de administrativo/a (funcionario/a de carreira) polo sistema selectivo de oposición libre correspondente ás Ofertas de Emprego Público dos anos 2023 e 2025.

As bases reguladoras e convocatoria deste proceso de selección foron aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 04 de xuño de 2026 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 110, de 12 de xuño de 2026.

A convocatoria para o 2º exercicio da oposición foi publicada o pasado 02/11/2026 no taboleiro de anuncios do Concello de Boiro e na páxina www.boiro.gal.

O obxecto desta sesión é a realización do 2º exercicio da oposición.

1º.- REALIZACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO DA OPOSICIÓN. SUPOSTOS PRÁCTICOS.

Ás 09:30 horas procédese a realizar o chamamento das persoas que superaron o 1º exercicio da oposición, comparecendo 40 persoas candidatas. As persoas convocadas que non comparecen á realización da proba quedan excluídas do proceso selectivo.

Esta proba consistiu na resolución por escrito, nun tempo máximo de 120 minutos, de 4 supostos prácticos relacionados co temario recollido nas bases.

Na cualificación do exercicio valorarase, o nivel de coñecementos, a precisión e o rigor na presentación, exposición e resolución das cuestións e a súa relación co cometido funcional e tarefas propias da praza.

Para a súa realización só se permitiu utilizar coma documentos de consulta textos legais en formato papel, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios.

Esta proba cualificarase cun máximo de 30 puntos sendo necesario para superar o exercicio acadar unha puntuación mínima de 15 puntos.

Na realización da proba garantiuse o anonimato das persoas aspirantes para a corrección dos seus exercicios.

Cod. Validación: 4GNGRART9K6W54FKZNQPEFGTT
Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

María Mariño Poza (4 para 5)
Técnico de recursos humáns
Data de Sinatura: 19/11/2026
HASH: 414b3c1ae4d20034bb9e4c82f1082178

NUÑEZ MENDEZ, DALMIRO (5 para 5)
Terceiro
Data de Sinatura: 20/11/2026
HASH: 3a48751a4322f97c89c201c39a63de13

2º.- CORRECCIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO DA OPOSICIÓN.

Unha vez rematado o exercicio, o tribunal decidiu iniciar a súa corrección o martes 17/11/2026 ás 15.30 h., polo que se dou por rematada a sesión ás 12.25 h. horas do día 13 de novembro de 2026, do que eu, secretario do tribunal dou fe.

María Mariño Poza
Dalmiro Núñez Méndez
Mª Carmen Santiago Hermo
Manuel Quintáns Brun
Martín Blanco Buceta

ANEXO: 2º EXERCICIO DA OPOSICIÓN

SUPOSTO 1 (5 puntos)

O 8 de abril de 2027, Dª Carmen Piñeiro presenta no Rexistro Xeral do Concello de Laxeira unha solicitude en papel de devolución dunha taxa municipal que considera indebidamente ingresada.
Xunto coa solicitude achega un xustificante bancario dun pagamento de 45,00 € a favor do Concello, no que non figura o concepto. Unha vez examinada a documentación, o servizo municipal competente comproba que non consta suficientemente identificado o concepto tributario ao que se refire a solicitude nin se achega documentación acreditativa do dereito á devolución.
Vostede presta servizos como administrativo/a no servizo de Xestión Tributaria e encoméndaselle a tramitación do expediente.
Responda ás seguintes cuestións:
1.1.- A presentación da solicitude en papel a través do Rexistro Xeral municipal resulta correcta? Razoe a resposta e indique en que outros lugares e por que medios podería presentala. **(2 puntos)**
1.2.- Que actuación administrativa procede ante as deficiencias observadas na solicitude? Redacte o documento que considere procedente para remitir á persoa interesada e indique o prazo correspondente e as consecuencias do seu incumprimento. **(3 puntos)**

SUPOSTO 2 (9 puntos)

O Concello de Laxeira (A Coruña), de 7.800 habitantes, conta cun Plan xeral de ordenación municipal adaptado á Lei 2/2016, do solo de Galicia, que inclúe un Catálogo de bens protexidos por estar o seu termo municipal afectado polo Camiño de Santiago. A Ordenanza municipal de obras somete a licenza urbanística as obras en edificios catalogados. O Concello ten aprobadas unha Ordenanza fiscal do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), cun tipo de gravame do 3 % e sen bonificacións, e outra da taxa por tramitación de títulos habilitantes urbanísticos do 1 %.
O 10 de marzo de 2027, D. Xosé Pereira Novo presenta no Rexistro Xeral, de forma presencial,

Cod. Validación: 4GNGRART9K6W54FKZNQPEFGTT
Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

unha solicitude de «licenza de obra menor» para substituír a carpintería exterior de madeira por outra de PVC e retellar a cuberta, sen afectar á estrutura, da súa vivenda unifamiliar situada na Rúa Real, 8, en solo urbano consolidado. O inmoble figura no Catálogo do PXOM con nivel de protección ambiental. Acompaña fotografías do estado actual e un orzamento de execución material de 8.400 € (IVE excluído).
No expediente constan: a autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural; un informe técnico favorable do arquitecto municipal, condicionado a que a carpintería sexa de madeira ou de PVC con acabado imitación madeira en ton escuro e a que se repoña a tella cerámica curva tradicional; e un informe xurídico favorable.
Vostede presta servizos como administrativo/a no departamento de Urbanismo e encoméndaselle a tramitación do expediente.
Responda ás seguintes cuestións:
2.1.- Que título habilitante urbanístico procede para estas obras, licenza ou comunicación previa? Xustifique a resposta, indique que informes e autorizacións deben constar no expediente e quen é o órgano competente para resolver. **(3 puntos)**
2.2.- En relación cos tributos que gravan esta actuación, indique a natureza, o feito impoñible e o suxeito pasivo do ICIO e se lle resulta aplicable algunha exención ou bonificación. Explique, ademais, en que se diferencia este imposto da taxa por tramitación do título habilitante. **(3 puntos)**
2.3.- Supoña que o procedemento remata cunha resolución desfavorable para D. Xosé, ditada o 11 de maio de 2027 e notificada o 12 de maio de 2027. Redacte o pé de recurso que debe figurar na notificación, indicando a data en que remata o prazo para interpoñer o recurso administrativo, e explique os efectos da falta de resolución expresa dese recurso. **(3 puntos)**



SUPOSTO 3 (10 puntos)

O Concello de Laxeira precisa adquirir diversos equipos informáticos para renovar os equipos obsoletos do departamento de cultura. O importe previsto da adquisición ascende a 12.500 € sen IVE (tipo de IVE do 21 %).
O crédito dispoñible na aplicación orzamentaria do programa de cultura na que correspondería imputar este gasto é de 6.000 €, e non existe crédito dispoñible noutras aplicacións do mesmo nivel de vinculación xurídica. Na aplicación 920.227.00 (Administración xeral. Traballos realizados por outras empresas) hai 20.000 € dispoñibles que non se prevé executar.
Vostede presta servizos como administrativo/a no departamento de Contratación e encoméndaselle a tramitación do expediente.
Responda ás seguintes cuestións:
3.1.- Que tipo de contrato é e por que procedemento podería tramitarse atendendo aos principios de eficacia e eficiencia? Razoe a resposta. **(2 puntos)**
3.2.- Indique en que capítulo e concepto económico do orzamento de gastos debe imputarse

Cod. Validación: 4GNGRART9K6W54FKZNQPEFGTT
Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

este gasto e que importe falta para poder atendelo. Que modificación de crédito permite dotar esa aplicación, que órgano a aproba e que limitacións legais debe respectar? **(4 puntos)**
3.3.- Indique as fases de execución do gasto que deberían tramitarse neste expediente e explique brevemente o seu contido ata o pago da factura. **(2 puntos)**
3.4.- Ao revisar a factura para darlle a conformidade, o servizo comproba que non se corresponde coa subministración efectivamente realizada. Como debería actuar o Concello? **(2 puntos)**

SUPOSTO 4 (6 puntos)

D. Manuel García, que non é parte no procedemento, solicita a través da sede electrónica do Concello de Laxeira acceso e copia do expediente completo da licenza urbanística concedida en 2026 para a reforma dunha vivenda particular. No expediente constan, entre outros documentos: solicitude da licenza, proxecto técnico, DNI e enderezo do promotor, orzamento das obras, informe médico presentado polo promotor para xustificar determinadas adaptacións da vivenda derivadas da súa situación de discapacidade e resolución de concesión da licenza.
Vostede presta servizos como administrativo/a na Secretaría municipal e encoméndaselle a tramitación da solicitude.
Responda ás seguintes cuestións:
4.1.- Indique a tramitación da solicitude de acceso á información pública presentada por D. Manuel García, sinalando a normativa aplicable, o prazo máximo para resolver, o sentido do silencio administrativo e a procedencia ou non do trámite de audiencia ao promotor da licenza. **(3 puntos)**
4.2.- Realice unha proposta motivada sobre o acceso solicitado por D. Manuel García, na que se indique se procede o acceso total, parcial ou a denegación; que documentos ou datos deberían excluírse ou anonimizarse e os fundamentos xurídicos da súa decisión. **(3 puntos)**

Cod. Validación: 4GNGRART9K6W54FKZNQPEFGTT
Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4